

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan C.
Caeiro Rodríguez, Manuel
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Massaguer, Francisco
Fernández Veiga, Manuel
Fernández Vilas, Ana
García Duque, Jorge
Gil Solla, Alberto
González Castaño, Francisco J.
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
López García, Cándido A.
Mikic Fonte, Fernando Ariel
Pazos Arias, José Juan
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo
Liz Domínguez, Martín
López Escobar, Juan José
Pacheco Lorenzo, Moisés

ESCUSAN ASISTENCIA

Costa Montenegro, Enrique
Díaz Redondo, Rebeca P.
Gil Castiñeira, Felipe
López Bravo, Cristina
Rodríguez Hernández, Pedro S.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 23 de febreiro de 2022, convocada para as 12:40 horas en primeira convocatoria e para as 13:10 horas en segunda convocatoria na aula B003 da E.E. de Telecomunicación.

O mércores 23 de febreiro de 2022 ás 13:11 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 15 de decembro de 2021.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre o uso do despacho B-505: empregárase por parte de profesores eventuais na impartición de titorías.

3. Aprobación, se procede, do perfil e comisión de selección dunha praza de Profesor Titular de Universidade.

Apróbase, por asentimento, o perfil e comisión de selección propostos polo profesor Luis. M. Álvarez Sabucedo.

4. Debate sobre a estrutura do GETT e aprobación, se procede, da postura do departamento.

O Director resume a situación respecto a reforma de títulos de grao, sobre a que non houbo un debate formal ata agora no Departamento, e que foi aberto a nivel da Escola por un membro do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions ó respecto da conveniencia de ter ou non atribucións ou de ser un só ou varios. Recibida só a proposta concreta polo Prof. López Ardao, éste expón brevemente:

Dado o problema de captación de alumnado, deberíase ir cara unha oferta máis atractiva, baseada en formación especializada en varios graos, o cal asemade permitiría a visibilidade das especialidades e a oferta de dobres graos, podendo manterse tódalas mencións actuais. Poderíanse crear dous graos, ben cada un con dúas mencións, por exemplo Telemática con Electrónica ou Telemática con Imaxe e Son, ben un con tres e outro cunha, Telemática.

Ábrese o debate ó respecto con intervencións de varios membros do Dpto., cos principais puntos:

- O Prof. Caeiro Rodríguez comparte a valoración da necesidade de facer algo ante o problema, ben a proposta do Prof. López Ardao, ben deixar o grao actual e engadir outro, por exemplo en Telemática.
- O Prof. López Nores comparte a valoración da necesidade de facer algo ante o problema, polo menos separando en dous graos, un con Telemática e Electrónica.
- O Prof. Burguillo Rial pregunta sobre os contactos co Dpto. de Electrónica ó respecto dun posible grao coas dúas mencións. O Director expón que contactou co Director do

Dpto. de Electrónica e que este identificou ó responsable da docencia na escola do DTE coma o contacto axeitado; o director do DET trasladoulle a súa predisposición para conversar sobre este asunto e os seus datos de contacto, sen que ata agora tivese recibido resposta.

- O Prof. López Ardao comenta que manter o grao actual e engadir outro especializado non é a postura a estar desenvolvida na Escola, onde o novo grao é tamén xeneralista, non especializado, onde participen tódolos implicados xa no grao vello. Tamén expresa a súa preferencia por un grao de Telemática en solitario e sen atribucións.
- O Prof. González Castaño pide aclaración sobre o que se vai votar. O Director contesta que o punto tal cal figura na votación da Xunta de Escola.
- O Enx. López Escobar pregunta sobre o propósito da votación se despois vai haber a mesma na Xunta de Escola. O Director aclara que o posicionamento do Departamento é independente.
- O Prof. Gil Solla comparte a valoración da necesidade de facer algo e de que máis efectivo sería a separación en varios graos e visibilizar os estudos en Enxeñaría Telemática.
- O Enx. López Escobar expresa a súa opinión de que os seus compañeiros de estudos non vían necesaria máis especialización para cursa-la carreira nin ésta melloraría a calidade. O Prof. Gil Solla comenta que é unha situación de sesgo na selección, sen ter en conta os que non tomaron a decisión de cursar a carreira. O Prof. Rodríguez Rubio indica que seguramente unha maior formación en *Big Data* ou *Machine Learning* sería considerada positiva; tamén comenta as carencias que el ten observado en canto a habilidades de programación e estadística.

Procédese a votación coa pregunta “Quere o Dpto. que o Grao con atribucións da EET sexa un grao coas catro mencións actuais (TEL, ST, SI, TE) ou quere desagregalo en varios graos?” co seguinte resultado:

- Votos emitidos: 25.
- Votos a favor de manter un grao: 4.
- Votos a favor de dividilo en varios graos: 18.
- Non sabe ou non contesta: 3.

Apróbase, a postura do Departamento a favor da división do actual grao en varios.

5. Funcionamento das comisións de plans de estudos da EET.

O Director comenta sobre a documentación aportada para este punto, sobre as reunións que tiveron lugar na comisión de reforma do grao, das contribucións do Dpto. nas mesmas, e das reunións da Dirección do Dpto. coa Dirección da Escola. Tamén pide voluntarios para incorporarse á devandita comisión, presentándose o Prof. López Nores.

6. Rogos e preguntas.

O Enx. López Escobar comenta que non todo o mundo ten acceso a documentación en Moovi. O Secretario informa da corrección da situación en canto os implicados o comunican.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:15 do día 23 de febreiro de 2022, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e prace do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Luis E. Anido Rifón

Dr. D. Andrés Suárez González

Anexo I

Proposta do perfil e comisión de selección dunha
praza de Profesor Titular de Universidade

Praza de Profesor Titular de Universidade

- Perfil: “Informática: Arquitectura de ordenadores”
- Presidente: Martín Llamas Nistal (Lidia Fuentes Fernández)
- Secretario: Luis Modesto Álvarez Sabucedo (Ana Fernández Vilas)
- Vogal 1: Cristina López Bravo
- Vogal 2: Yolanda Blanco Fernández
- Vogal 3: Manuel José Fernández Iglesias
- Vogal 4: Raúl Fernando Rodríguez Rubio
- Vogal 5: Luis Eulogio Anido Rifón
- Vogal 6: Alberto Gil Solla